

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

RELIGIÓN CATÓLICA

ESO e BACHARELATO

CURSO 2018-2019

IES ISIDRO PARGA PONDAL (CARBALLO)

# INDICE

1. Introducción e contextualización.
2. Contribución da materia o logro das competencias básicas.
3. Obxectivos.
4. Contidos: secuencia e temporalización.
5. A Lomce en 1º, 3º, e 1º Bachiller.
6. Mínimos esixibles.
7. Avaliación.
  - 7.1 Avaliación inicial
  - 7.2 Criterios.
  - 7.3 Procedementos e instrumentos.
  - 7.4 Criterios de cualificación.
8. Programas de reforzo e recuperación
  - 8.1 Plans de traballo para a susperación de materias pendentes
  - 8.2 Programas específicos para o alumnado repetidor.
9. Metodoloxía didáctica.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Programación da educación en valores.
12. Accións de contribución ó proxecto lector..
13. Accións de contribución o plan Tic
13. Accións de contribución ó plan de convivencia.
14. Materiais e recursos didácticos.
15. Actividades complementarias e extraescolares.
16. Procedementos para avaliar a propia programación

17. Información ó alumnado.

## **1. Introducción e contextualización.**

Esta programación foi realizada de acordo coa seguinte normativa:

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO(DOG 13 xullo)

Orde do 6 de setembro do 2007 polo que se desenvolve a implantación da ESO(DOG do 2012)

Orde do 21 de decembro do 2007 polo que se regula a a avaliación na ESO(DOG do 7 de xaneiro)

e Orde do 23 de xuño do 2008 polo que se modifica a do 21 de decembro do 2007(DOG do 24 de xuño).

Tamén ten en conta os criterios emanados do proxecto curricular e do proxecto educativo do centro, das decisións de carácter xeral adoptadas polo departamento e, finalmnete, da experiencia acumulada na didáctica da área o longo do tempo.

Contextualización.

A lei orgánica de educación reconece como un dos seus principios inspiradores o compromiso decidido cos obxectivos educativos suscitados pola Unión Europea para os vindeiros anos.

Entre eles destaca a pretensión de que a educación contribúa o desenvolvemento dunha formación en valores.

O instituto está situado na localidade de Carballo, pertence o concello do mesmo nome que é a capital da comarca de Bergantiños, na provincia da Coruña.

O concello de Carballo, ten unha superficie de 186 km. A poboación é de 31000 habitantes.

Na actualidade, este concello conta cunha importante poboación xuvenil. Bergantiños sempre se distinguiu polas suas fondas raigames cristianas, que se manifestan nas sua romaxes, santuarios, estamos a falar dunha das comarcas mais relixiosas da nosa Galicia.

Santuarios, como o da Barca(Muxía), os Milagres(Caión) avaalan esta tese.

Características do alumnado.

Os alumnos que se incorporan en 1º de eso proveñen na sua maioría dos centro adscritos.

CEIP Bergantiños, e CEIP Razo, e son alumnos que levan convivindo a maior parte da su

traxectoria escolar. Viven tanto no entorno próximo o centro como do resto dos pobos que forman

o concello de Carballo, polo que moito alumnado acude o centro utilizando o transporte escolar.

As características xerais do alumnado son:

- Niveis de competencia curricular normal na súa maioría.
- Normalizada motivación cara o estudo, con diferencias en canto os alumnos que chegan uns anos con respecto a outros.

En boa parte das familias, existen hábitos de estudo, orde...

Hai que suliñar que hai un porcentaxe de alumnos que pertencen a familias desestructuradas, que suscitan ás veces problemas na convivencia na vida do centro.

## **2. Contribución da materia á adquisición das competencias básicas.**

-Competencia en comunicación lingüística: a materia esixirá dos alumnos que utilicen as diversas formas da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita. Os alumnos veranse obrigados a expresar pensamentos, a xerar ideas, formar xuízos críticos, dialogar.

Así mesmo, a materia préstase a que os alumnos desenvolvan as capacidades lingüísticas orais.

- Competencia dixital e do tratamento da información: os alumnos veranse obrigados a buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento. A utilización da información nas tecnoloxías e da comunicación serán un elemento imprescindible para o desenvolvemento da materia.

- Competencia cultural e artística: podemos destacar que o contacto coas diferentes realidades culturais, xa sexa artísticas: igrexas, capelas...sirve para afondar na herencia artística transmitida polos nosos antergos, e da que Bergantilos ten unha rica herencia.

O mesmo tempo as tradicións orais, costumes do pobo, axudan a valorar máis esta competencia.

- Competencia para aprender a aprender: foméntase a adquisición por parte do alumnado da conciencia das propias capacidades, do que pode facer por si mesmo e do que se pode facer coas axudas dos demais.

- Competencia en autonomía e iniciativa persoal: esta materia axuda os estudantes a desenrolar

a confianza en si mesmos. Axuda a elevar a autoestima, o propio coñecemento.

Axudar a adquirir un bagaxe cultural, que lles permita entender a cultura occidental marcada pola herencia do cristianismo. Ter unhas ideas claras para poder debatir temas de actualidade como pode ser o aborto, anticoncepción, divorcio..

### **3. Obxectivos.**

1. Coñecer a influencia da relixión na historia da humanidade.
2. Identificar o país e a cultura onde naceu Xesús.
3. Coñecer o papel da Igrexa na historia e na cultura.
4. O papel da Igrexa na súa dimensión social e caritativa.
5. A influencia do cristianismo nas artes: arquitectura, escultura, literatura...
6. Estudio das relixións como instrumentos de paze solidaridade, cultura...
7. Coñecer a Biblia como libro da relixión crisitana. Coñecer as distintas partes, saber identificalas.

Coñecer os diferentes xéneros literarios: libros poéticos, sapienciais, históricos...

4. Contidos: secuencia e temporalización.

1º ESO: son 10 unidades temáticas.

1. Fun, son e serei.
2. O árbol da vida.
3. Deus crea e salva.
4. Xesús, o Mesías anunciado.
5. Xesús anuncia o reino de Deus.
6. Xesús, unha vida entregada
7. Un proxecto de de vida.
8. O agasallo do amor.
9. Matrimonio e familia.
10. María é seu nome.

## 2º ESO: son 10 unidades temáticas

1. O mundo que non se ve
2. A relixión, que é e para que serve.
3. Unha historia de salvación.
4. Xesús, noso salvador.
5. Seguir a Xesús.
6. A Igrexa continúa a obra de Xesús.
7. Orar e celebrar.
8. Ser un mesmo
9. Comprometidos co mundo
10. Un mundo novo.

## 3º ESO: son 10 unidades temáticas.

1. Non somos illas.
- 2 Un só Deus.
3. A Biblia, un libro sagrado.
4. O Novo Testamento.
5. Vida en comunidade.
6. A fe resposta dos creentes
7. Decidir en liberdade.
8. O agasallo da vida.
9. A vida dos primeiros cristianos.
10. Ante todo, esperanza.

## 4º ESO: son 10 unidades temáticas.

1. Somos historia.
2. O cristianismo, ¿unha mensaxe universal?
3. igrexa, ¿poderosa ou servidora?



4Igrexa, ¿no mundo ou fora de él?

5. Igrexa, ¿pobre e cos pobres'

6. Igrexa, ¿ó encontro de Deus?
7. ¿Son compatibles ciencia e relixión?
8. A Igrexa, ¿renóvase'?
9. ¿Convivir con outras tradicións relixiosas?
10. ¿Un cristianismo para o futuro?

**BACHILLER: son 4 bloques temáticos.**

1. O senso da vida.
2. O mundo no que vivimos.
3. Identidade da persoa.
4. Cultura e relixión.

**Procedementos.**

- Consulta da Biblia como libro da relixión crisitana.
- Buscar información sobre as tradicións relixiosas nas parroquias dos alumnos.
- Buscar en internet datos relativos á relixión.
- Facer traballos en equipo relativos a algún tema de actualidade.
- Coñecer a historia e actualidade de outras relixións.

**Actitudes.**

- Respetar as creencias de outras persoas.
- Aceptar as ideas de persoas non creentes, indiferentes.
- Recoñecemento da capacidade de traballo de cada persoa para lograr os obxectivos.

**Temporalización.**

ESO: as 10 unidades repartíranse nos tres trimestres.

BACHILLER: os temas son moi longos, sómentes hai unha hora semanal, polo tanto non se pode dar todo a programación por falla de tempo material.

## **5. A LOMCE en 1º 3º da eso e 1º de Bachiller**

5.-A relixión católica na escola responde á necesidade de respetar e ter en conta o conxunto de valores, e significados nos que a persoa naciu como hipótese explicativa da realidade.

A relixión católica trata de contribuir á educación integral do neno en dúas direccións. Por unha banda, resposta á dimensión relixiosa de todo ser humano e por outra, o introduce na realidade a luz dunha hipótese ofrecida por unha historia e unha tradición.

- Comunicación lingüística: sírvese da linguaxe que se transmite dunha a outra xeneración. A linguaxe bíblica, a súa riqueza, os símbolos.

A ensinanza relixiosa escolar favorece o desenrolo da responsabilidade persoal e social e das demais virtudes cívicas, para o ben común da sociedade, contribuindo á adquisición de competencias sociais

Por outra banda a relixión católica aporta á conciencia e expresións culturais o significado e valoración crítica de tantas obras do noso entorno, motivando o aprecio pola nosa cultura.

O senso de iniciativa e espírito emprendedor realízase no estudante partindo do verdadeiro coñecemento de sí mesmo, e das súas potencialidades.

En canto os contidos procedimentais a materia de relixión católica forma dun xeito trnasversal unha serie de procedementos fundamentais para a comprensión do feito cristiano.

- Observación da realidade: o feito relixioso nace da apertura do ser humano á realidade total.

- Búsqueda de información, manexo e interpretación de fontes bíblicas. O estudo do cristianismo require o manexo das Sagradas Escrituras e textos referidos as mesmas que forman parte do corpus teolóxico.

- Reflexión crítica: o desenrolo da materia axuda a coñecer a xenese das ideas dominantes.

- Exposición e argumentación respetuosa das creencias relixiosas propias e alleas. A asignatura de relixión católica contribue á formación de competencias que permitan exponer e defender a racionalidade das propias ideas relixiosas.

A asignatura contribue á consecución de contidos de carácter actitudinal que son coherentes cos obxectivos básicos de cada etapa.

6

- Estratexia de metodoloxía didáctica na ensinanza da Relixión Católica:

- Recoñecemento do rol do docente: o docente é peza clave na elaboración e implementación de actividades da aula axustadas o grupo concreto.

- Adaptación ó ámbito emocional e cognitivo dos estudantes respetando o desenrolo psicoevolutivo propio de cada etapa. Combinación do concreto e do abstracto.

- Respeto polos ritmos e estilos de aprendizaxe dos estudantes. Non tódolos estudantes son iguais, hai que respetar a velocidade de aprendizaxe de cada un.

- Consideración da dimensión humanista: tódolos aprendizaxes estarán o servicio da formación integral da persoa. Tódolos aprendizaxes, cognitivos, actitudinais... deben estar o servicio da formación integral da persoa.

- Seguimento dos criterios de evolución educativa. Para facilitar o cumprimento dos principios metodolóxicos aplicarase unha evolución continua, global e formativa o longo do proceso de aprendizaxe e ensinanza.

- Desenrolo do aprendizaxe en equipo e cooperativo. O estudio e reflexión do cristianismo, pola súa dimensión comunitaria é unha amteria que vale para traballar en equipo.

- Utilización educativa dos recursos tecnolóxicos. A ensinanza da relixión promoverá a utilización da tecnoloxía e da información e comunicación non só dun xeito instrumental, que resulte útil ó estudante na búsqueda de información, senón percurando a súa integración na vida do suxeito e o seu uso ético. As redes sociais son ferramentas útiles que hai que aprender a dominar son os areópagos do século XXI.

O alumno debe coñecer os perigos tamén das redes sociais, e o mal que poden facerlles.

1º eso:

Bloque 1: O senso relixioso do home.

## Contidos.

A realidade creada e os acontecementos son signo de Deus.

## Criterios de avaliación.

1. Recoñecer e valorar que a realidade é don de Deus.
2. Identificar a orixe divina da realidade.
3. A creación nos diferentes relatos relixiosos.
4. Diferenciar a explicación teolóxica da científica dos relatos da creación.

Estándares de aprendizaxe.

- 1.1. Expresar sucesos nos que se manifesta que a realidade é dada.
- 1.2 Evaluar feitos nos que se manifesten que a realidade é don de Deus.
- 2.1 A orixe do mundo como froito do amor de Deus.
- 3.1 A orixe da creación nos distintos relatos bíblicos.
- 4.1. Diferencia entre a explicación científica e teolóxica da creación.
- 4.2 Respetar a autonomía entre a explicación, científica, telóxica...

## Bloque 2: A revelación: Deus intervén na historia.

### Contidos.

A historia de israel : elección, alianza...

### Criterios de avaliación.

1. Coñecer, contrastar e apreciar os acontecementos do pobo de Israel.
2. Sinalar os diferentes modos de comunicación de Deus o longo da historia.
3. Distinguir as distintas etapas como Deus se manifesta na historia.

### Estándares de aprendizaxe.

- 1.1 Coñecer os distintos personaxes da historia de Israel.
- 1.2 Amosar interés pola historia de Israel.
- 2.1 Busca relatos bíblicos nos que se manifeste a acción divina.

Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia de salvación.

## Contidos.

A divindade e humanidade de Xesús.

Os evanxelos: testemuño e anuncio.

Composición dos evanxelos.

A Igrexa, presenza de Cristo na historia.

8

O espírito santo edifica a Igrexa.

## Criterios de avaliación.

1. Distinguir en Xesús a realidade divina da humana.
2. Natureza e finalidade dos evanxelos.
3. Comprender o proceso de formación dos evanxelos.

Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.

## Contidos.

A Igrexa presenza de Xesucristo na historia

O Espírito santo edifica a Igrexa

## Criterios de avaliación.

1. comprender a presenza de Cristo hoxe na Igrexa.
2. Recoñecer a acción do Espírito Santo na Igrexa.

## Estándares de aprendizaxe.

- 1.1. Sinala as distintas formas de presenza de Cristo na Igrexa: sacramentos, palabra de Deus...
- 2.1 Os sacramentos son a acción do Espírito Santo na Igrexa.
- 2.2. Asocia a acción do Espírito Santo nos sacramentos.
- 2.3 O Espírito Santo no crecemento da persoa.

## **2º da eso**

### Bloque 1: O senso relixioso do home.

## Contidos.

O home criatura de Deus, libre e intelixente.

O fundamento da dignidade da persoa.

O ser humano colaborador na obra da creación.

### Criterios de avaliación.

1. Diferencia entre o ser humano e os animais.
2. Relación da criatura con seu orixe divino.
3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano.
4. Entender o senso da acción humana.

9

### Estándares de aprendizaxe.

- 1.1 Argumenta a dignidade do ser humano.
- 2.1 Debate a orixe do ser humano.
- 3.1. Valora contando con situacións do entorno, a dignidade do ser humano.
- 4.1 Clasifica accións do ser humano que respeten o destrúan a creación.
- 4.2 Diseñar nun pequeno grupo, cinco necesidades e como o grupo respondería a elas.

### Bloque 2: A revelación: Deus interúen na historia.

#### Contidos.

A aceptación da revelación: a fe.

Orixe, composición dos libros sagrados.

### Criterios de avaliación.

1. Coñecer que Deus maniféstase na historia.
2. A fe resposta a iniciativa de Deus.
3. Coñecer a estrutura da Biblia
4. Coñecer os criterios do maxisterio para interpretar a Biblia.
5. Recoñecer a orixe divina dos textos sagrados.

### Estándares de aprendizaxe.

- 1.1. Buscar persoaxes da historia do pobo de Israel.
- 2.1 Interésase pola resposta e fe no deus que se revela.

3.1 Identifica e clasifica os libros sagrados

4.1 Lee, localiza, os criterios da Dei Verbum en torno a interpretación da Biblia.

5.1 Sinala textos bíblicos nos que Deus comúnicase ó home.

5.2 Distinguir nos textos bíblicos o autor humano do divino.

### Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia de salvación.

#### Contidos.

Deus revélase en Xesucristo, un e trino.

10

O credo síntese da acción salvífica de Deus na historia.

#### Criterios de avaliación.

1 Amosar a relación entre a divindade e a humanidade de Xesús.

2. Vincular o senso comunitario da Trindade.

3. Carácter histórico do credo e a súa formulación.

4. Recoñecer as verdades da fe cristiana presentes no credo.

#### Estándares de aprendizaxe.

1.1 Características do Deus cristiano.

1.2 Leer relatos mitolóxicos, rasgos das divindades nas relixións politeístas...

2.1 Recoñece que o home necesita do outro como complemento.

3.1 Confeccionar materiais onde se exprese a acción salvífica

4.1 Clasifica as verdades contidas no credo

### Bloque 4. Permanencia de Cristo na historia: a Igrexa.

#### Contidos.

Expansión da Igrexa.

As notas da igrexa.

#### Criterios de avaliación.

1. Comprender a expansión do cristianismo.

2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.



### Estándares de aprendizaxe.

- 1.1 Localiza no mapa lugares das primeiras comunidades cristianas.
- 1.2 Reconstrue o itinerario das viaxes de S. Paulo.
- 2.1. Describe e valora a unidade e santidad da Igrexa
- 2.2. Elabora materiais onde se manifeste a universalidade da Igrexa.

### 3º da eso.

#### Bloque 1. O senso relixioso do home.

##### Contidos.

11

A natureza humana desexa o infinito

A procura de sentido a través de experiencias, como a enfermidade, desgracias...

##### Criterios de avaliación.

1. Desexo de plenitude no home
2. Respostas fronte a finitude do ser humano

### Estándares de aprendizaxe

1. Compartir en grupo experiencias nas que se manifesten a necesidade de plenitude huamana
- 2.1 A experiencia persoal fronte a feitos dolorosos.
- 2.2. Selecciona películas nas que se amose a procura de sentido

#### Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia.

##### Contidos.

A ruptura do home con deus polo pecado.

O pecado orixinal

##### Criterios de avaliación

1. O pecado como rexeito de Deus.
2. Distinguir a verdade revelada do ropaxe literario no libro do Xénes.

### Estándares de aprendizaxe

- 1.1 Sinala situacións en que se manifeste o pecado como rexeito de Deus

2.1. Analizar o texto sagrado: diferenciar a verdade revelada do roupaxe literario

### Bloque 3. Xesucristo. Cumplimento da historia da salvación.

#### Contidos

A persoa transformada polo encontro con Xesús

#### Criterios de avaliación

1. O encontro con Xesús troca a forma de entender a vida
2. Seguir a Cristo conleva unha ética

#### Estándares de aprendizaxe

- 1.1 Buscar biografías de conversos
- 1.2. Expresar xuízos respetuosos como nestas biografías o encontro con Cristo introduciu formas distintas de entender a vida.
- 2.1. Crea e comparte textos nos que se vexa o que supón a fe na vida dos cristianos

### Bloque 4 Permannencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.

#### Contidos

A Igrexa lugar do encontro con Deus.

Experiencia de plenitude no encontro con Cristo

A fe xenera cultura

#### Criterios de avaliación

1. Vínculo entre o encontro con Cristo e a pertencencia a Igrexa
2. Valorar a experiencia de plenitude que Cristo promete
3. Identificar a cultura que xenera a fe

#### Estándares de aprendizaxe

- 1.1. Percurar a experiencia dunha persoa que atopou a Cristo na Igrexa.
- 2.1. escoitar testemuñas de cristianos
- 3.1. Amosar como a experiencia cristiana xenera cultura
- 3.2 A influencia da fe na arte...

## **4º da eso**

### **Bloque 1. O senso relixioso do home.**

#### **Contidos**

As relixións: procura do senso da vida.

Plenitude na experiencia relixiosa.

#### **Criterios de avaliación.**

1. Rasgos comúns das relixións.
2. Comparar e coñecer a interevención de Deus na historia.

#### **Estándares de aprendizaxe**

- 1.2 Respostas das relixións as preguntas da vida  
13
- 2.1 A revelación plenitude da experiencia relixiosa.
- 2.2. Diferencia entre a revelación de Deus e as diferentes relixiones.

### **Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia**

#### **Contidos**

A fidelidade de Deus:a alianza

Xesús, mesías

#### **Criterios de avaliación**

1. Recoñece e valora as accións de Deus o longo da historia.
2. Diferencia entre o mesías sufrinte e o político

#### **Estándares de aprendizaxe**

- 1.1 Fidelidade permanente de Deus
- 1.2 Toma conciencia dos intres na historia en que Deus amosa fidelidade
- 2.1 Identifica, os rasgos do mesías político, sufrinte..
- 2.2 Esfórzase por comprender a noveade do mesías sufrinte

### **Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da historia da salvación.**

#### **Contidos**

A chamada de Xesús a colaborar con él xenera comunidade

A pertenza a Cristo alumea a vida.

A autoridade como servicio

O cristiano construe a civilización do amor

### **Criterios de avaliación**

1. Cristo axuda unha forma nova de usala razón

2. A autoridade está o servicio da verade

3. O cristiano construe o mundo

### **Estándares de aprendizaxe**

1.1 Testemuños que expresen unha forma nova de usala razón

1.2 Reflexionar percurando sempre o ben

14

1.3 Disitntos xeitos de vivir a afectividade

2.1 Persoas que son autoridade na vida

2.2 Distintas autoridades na Igrexa

2.3 Intres da vida nos que a Igrexa defendiu a vida

3.1 Iniciativas eclesiais para a cnostrucción do amor

### **6. Mínimos exisibles**

- Identificar a cultura onde naceu Xesús

- A influencia da relixión na historia

- A Igrexa obra de Xesucristo

- A Igrexa como institución solidaria(Cáritas...)

- Coñecer os aspectos positivos e negativos da Igrexa.

### **7. Avaliación**

Os alumnos teñan unha serie de probas, para ser examinados dos contidos en cada trimestre. O

mesmo tempo valórase o interese, a colaboración, o comportamento...

O alumno ten que ter libro de texto e libreta obrigatoriamente.

### 7.3 Procedementos.

A observación directa de todo o que acontece no proceso de ensinanza, interés polo traballo, participación...

### 7.4 Criterios de cualificación

As probas escritas de cada avaliación ponderan un 60 por cento da nota total. 20 por cento traballo na aula, e outro 20 por cento actitude, comportamento.

8. Programas de reforzo e recuperación.

Cando un alumno non supere unha avaliación, realizará unha proba por escrito na avaliación seguinte.

En Carballo a 30 de setembro do 2018

Jorge Iglesias Negreira, xefe do Departamento.

3.



